

Curso de auga doce

Este curso é un convite a meter un pé na auga, a pór a lingua en remollo; unha boa escusa para perfeccionar o noso idioma a través do coñecemento do patrimonio natural e cultural que inza arredor da auga.

Desde os ríos e regatos da nosa comarca até o pai Miño, o fluír da auga sempre foi no noso país fonte da vida; determinou a orografía, permitiu o desenvolvemento de ecosistemas diversos e condicionou a nosa maneira de habitar o territorio. Ao longo dos seus cursos medra unha cultura material e inmaterial diversa e un rico patrimonio lingüístico e cultural que nos incumbe.

O obxectivo do *curso* é achegarse á lingua galega a través do *curso* dun río. Non é un curso de galego se por iso entendemos gramática, ortografía, sintaxe... Mais si é unha acción formativa do galego xa que imos ampliar o noso coñecemento da lingua propia de Galicia.

A auga doce será o fío condutor desta actividade, que nos levará polo léxico, a fraseoloxía ou a toponimia, baixo varios bloques temáticos:

Auga e relevo

Auga e vida

Auga e aproveitamento tradicional

Auga e fogar

Auga, saúde e lecer

Achegarémonos á realidade de Vigo na súa copiosa relación coa auga (neste caso auga doce): ríos e regueiros, hidronimia, muíños, bosques de ribeira, rituais relacionados coa auga...

O curso é de balde e está organizado polo Servizo de Normalización Lingüística.

Datas: 23, 25, 30 de outubro; 6, 8, 13, 15, 20, 22, 27 de novembro de 2017

Lugar: oficina Municipal de Distrito de Bouzas-Casa Patín-(rúa Eduardo Cabello, 36). {Espazo cedido gratuitamente polo Concello de Vigo coa colaboración da Concellaría de Participación Cidadá}

Horario: de 18:00 a 20:00

Duración do curso: 20 horas (+ saída de 2 horas aos regatos e muíños de Zamáns)

Para inscribirse deben enviar os seus datos (nome completo, teléfono e DNI) ao correo electrónico actividades.sn1@vigo.org (cómpre poñer no asunto: curso auga salgada)